

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE FEBREIRO DE 2019**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 28 de febreiro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 26 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, suplente de D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, suplente de D. Alberto Escariz Couso  
D. José Riesgo Boluda  
D. Rubén Peña Barceló (asiste ao punto 5)  
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 7, 8 e 9)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos****a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
2. ORECO, S.A.U.
3. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do**



## quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

### 5.- Apertura administrativa e técnica

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (EUROCEBRIÁN, S.L., FUNDICIONES J.C. REGALOS, S.L. e CARLOS FERNÁNDEZ POL) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación e cualificación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Faise constar que o licitador EUROCEBRIÁN, S.L. non presentou no sobre A a documentación persoal, senón unicamente a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, con cumprindo co esixido na cláusula 14 do PCAP.

Prevé o artigo 141 da LCSP ao respecto da declaración responsable (DEUC) para os casos nos que se estableza a intervención da mesa de contratación que *“esta cualificará a declaración responsable e a documentación á que se refire o artigo anterior. Cando esta aprecie defectos emendables, dará un prazo de tres días ao empresario para que os corrixa”*.

Esta Administración viña entendendo que nestes casos non estamos ante unha emenda de deficiencias en sentido estrito senón ante a presentación de nova documentación non presentada no prazo concedido, que en último termo podería supoñer unha ampliación do prazo para a presentación da documentación contraria ao principio de igualdade de trato, seguindo o criterio mantido pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana recollido na sentenza número 538/2000 (recurso número 611/1997): *“A posibilidade de emendar, que en procedementos nos que exista un só interesado ten que interpretarse no sentido máis amplo posible, supón, nos procedementos indicados, no entanto, unha certa vulneración do principio de igualdade, dado que quen foi negligente no cumprimento dos trámites nos prazos e formas establecidos, ve como se lle ofrece unha segunda oportunidade, facendo inútil a dilixencia dos demais licitadores en cubrir no seu momento os requisitos esixidos”*. En referencia ao previsto no artigo 81.2 do RXLCAP di a sentenza *“o precepto ha permitir a emenda dun defecto que afecte a un documento presentado, pero non a presentación extemporánea de documentos, é dicir, a acreditación fóra*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:32	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4D-E5B1BE-5DD4A1-2LSNFR-YJYKR5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

de prazo dos requisitos para contratar”.

Agora ben, a recente doutrina dos tribunais de recursos contractuais afonda no carácter antiformalista da contratación no tocante á documentación acreditativa dos requisitos previos decantándose pola posibilidade de emenda da documentación persoal en calquera caso.

Nesta liña pódese mencionar a resolución 5/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Xunta de Andalucía que establece *“Sobre esta cuestión, ten este Tribunal sentada doutrina [...] na que se manifesta que o noso ordenamento xurídico en materia contractual só concibe como regra xeral a emenda dos defectos que se aprecien na documentación administrativa -no senso de que a emenda se refire á xustificación dun requisito que xa se cumpriu e non a unha nova oportunidade para facelo (artigo 81 RXLCA)-, pero non regula a emenda da oferta técnica ou da económica”*.

Por outra banda, o acordo 89/2018 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Navarra sostén que *“o trámite de emenda non é unha prerrogativa de uso discrecional por parte da Administración, senón unha técnica de garantía a favor dos licitadores, co obxectivo de evitar que o incumprimento das formalidades relativas á documentación esixible poidan, per se, significar a exclusión dun procedemento”*.

Na liña do antiformalismo se posiciona tamén o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa resolución nº 131/2018, do 20 de decembro de 2018 recolle *“este tribunal xa se pronunciou en numerosas ocasións contrario a un excesivo formalismo na licitación pública evitando, na medida do posible, excluír a licitadores por cuestións formais”*.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. FUNDICIONES J.C. REGALOS, S.L.
  2. CARLOS FERNÁNDEZ POL
- b) Outorgar un prazo de tres días a EUROCEBRIÁN, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá presentar a documentación esixida na cláusula 14 do PCAP (*“O Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e, no seu caso, as declaracións responsables dos Anexos II, III e IV, de concorrer algunha das circunstancias nela previstas”*).

## 7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 19 de febreiro de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con BRICANTEL ESPAÑA, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:32	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4D-E5B1BE-5DD4A1-2LSNFR-YJYKR5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Durante o prazo concedido, o citado licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 25 de febreiro de 2019 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns emitiu informe no que conclúe que se entende xustificada a oferta anormal presentada por BRICANTEL ESPAÑA, S.L.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

### 8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 25 de febreiro de 2019 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### 9.- Propostas de clasificación

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de febreiro de 2019, de ELSAMEX, S.A.U. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U. por non reunir as cartas de compromiso presentadas no sobre B os requisitos esixidos no apartado 6A.4 do Anexo I (FEC) do PCAP e non telos emendado no prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	HPC IBÉRICA, S.A.	94,77
2	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	83,03



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:32	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4D-E5B1BE-5DD4A1-2LSNFR-YJYKR5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



3	UTE LAPPSET, S.L. - ACEVI, S.L.	69,06
---	---------------------------------	-------

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, HPC IBÉRICA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 10.- Propostas de adjudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.	98,00
2	CASER RESIDENCIAL	91,17
3	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS	82,28



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:32	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4D-E5B1BE-5DD4A1-2LSNFR-YJYKR5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	49,00
---	--------------------	-------

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I do PCAP (“os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia”)
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., o día 18 de febreiro de 2019, que presenta a documentación requirida o 26 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de febreiro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:32	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4D-E5B1BE-5DD4A1-2LSNFR-YJYKR5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de xaneiro e 1 de febreiro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 280.800,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.800,00 euros, e cun prezo unitario de usuario titular/mes de 11,32 euros (IVE incluído).*
- b) Propón a realización de chamadas semanais de seguimento para todas as persoas usuarias do servizo.*
- c) Propón a teleasistencia mediante liña telefónica móbil para un 2% das persoas usuarias titulares do servizo.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:32	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4D-E5B1BE-5DD4A1-2LSNFR-YJYKR5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		